



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.es

galicia

Resolución provisional dos centros privados concertados seleccionados para participar nas actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, “English Week”, no curso 2017/2018 correspondentes ao 6º curso de Educación Primaria e aos cursos 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria.

Segundo os termos establecidos no artigo 10.2 da Orde de 19 de xullo de 2017 (DOG do 2 de agosto) pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para participar en actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, English Week, dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, faise pública a resolución provisional dos centros privados concertados seleccionados de sexto curso de Educación Primaria e de 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria, xunto coas quendas correspondentes, así como os centros que quedan como suplentes.

A exposición pública desta resolución provisional no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.gal>) abre un prazo de cinco días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias de acordo cos termos do artigo 10.4 da Orde de 19 de xullo de 2017.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2017

O presidente da comisión de selección



Asdo: Manuel Vila López

Subdirector Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado

NOTA: Por mor dunha maior axilidade na xestión, poden adiantar as posibles alegacións e/ou renuncias por correo electrónico ao enderezo: xsoie@edu.xunta.gal ou por fax ao número 981546550, o que non exclúe facelo segundo o procedemento administrativo establecido.